



Informa

OPOSICIÓN 2011

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Cal é o prazo de presentación?	Ata o 2 de maio de 2011
Cal é o importe?	Profesorado de Artes Plásticas e Deseño: 40,74 €; Mestres: 35,08 €. De facerse o pagamento por internet deberá presentarse o xustificante que se imprime.
Onde realizarei as probas para o Corpo de mestres?	As probas selectivas que se convocan terán lugar na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.
Pode ser que non se realicen probas dalgunha especialidade nalgunha das localidades?	Si, en función do número de solicitantes
Respectarase a localidade na que se matricule?	Cando sexa posible, se non serán asignados a outra localidade empezando polas ou polos aspirantes cuxo 1º apelido comece pola letra K e de ser necesario polas letras inmediatamente anteriores.
En que momento se deben reunir os requisitos esixidos na convocatoria?	No día en que remata o prazo de presentación das solicitudes. É dicir o 2 de maio de 2011.
Como se efectúan as solicitudes?	Pola internet a través da páxina http://www.edu.xunta.es/oposicions
Onde debo presentar a instancia?	Deberás imprimila e presentala no rexistro Xeral da Xunta, nos provinciais ou en calquera dos lugares previstos no Art. 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro.
Podo entregala nunha oficina de correos?	Si, pero co sobre aberto para que a instancia sexa selada.
Podo presentarme a máis dunha especialidade?	Si, pero non se garante poder asistir a máis dunha.
Quen está obrigado a participar?	Toda a persoa interina ou substituta que presta servizos en calquera das especialidades ofertadas, se non decaerá da lista á que non se presente. Se te presentas a calquera das especialidades ofertadas, non decaerás de ningunha lista.
Podo acollerme á puntuación que me foi baremada o ano pasado?	As aspirantes ao corpo de mestres que se presenten á mesma especialidade que o ano pasado poderán acollerse á puntuación que apareza na aplicación e só alegarán e xustificarán os méritos posteriores ao 14 de abril de 2010.
E se non quero ou me presento por outra especialidade?	Terás que alegar e presentar todos os méritos de novo.
Hai un máximo de puntuación na baremación dos méritos?	Si. As aspirantes non poderán ter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.
Hai prazo de reclamación contra a lista provisoria?	Si, terás 10 días naturais despois da súa publicación en DOG.
Cando comezara o proceso selectivo?	A partir do 22 de xuño de 2011.
Cando me convocarán para a presentación?	Publicarase en DOG 10 días antes, indicando data, hora e lugar.
Podo acollerme á puntuación da fase de concurso do 2010 e alegar só os novos méritos?	Si, sempre que non se cambie de especialidade. Se a opositora ou opositor concursa por outra especialidade a aplicación informática non permite transferir os datos polo que habería que introducir todos eses méritos de novo.
Onde remito o informe se non estou traballando o día da convocatoria pero traballei 180 días?	Á última Xefatura territorial onde traballaches
Sobre qué especialidade teño que facer a unidade didáctica?	Se estou traballando na mesma especialidade á que me presento ten que ser unha das UD que imparto no centro. Se traballo por unha especialidade distinta á que me presento podo escoller entre unha das unidades que imparto no centro (sexa da especialidade que sexa) ou unha UD referida á especialidade pola que me presento á oposición.



Informa

OPOSICIÓN 2011

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Como me comunicarán os seguintes chamamentos?	Faranse públicos nos locais en que se celebren as probas e na páxina web http://www.edu.xunta.es/oposicions , con 24 horas, como mínimo, de antelación.
Quen pode optar ao informe?	Funcionarias e funcionarios interinas/os e substitutas/os con 180 días traballados neste curso académico 2010/2011 con data límite 2 de maio.
Cando deberei presentar a unidade didáctica se opto pola emisión do informe?	No prazo de trinta días naturais desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.
A onde se dirixe?	Á Comisión Provincial de Emisión de Informes xunto co anexo XI.
Onde se presenta?	Na Xefatura Territorial da Consellería da provincia na que esteas a traballar o día da publicación desta convocatoria. O persoal interino que presta servizos noutra comunidade autónoma presentará a unidade didáctica na Xefatura Territorial da Consellería de Educación e ordenación universitaria da Coruña.
Que pasa se non o presento en prazo?	Deberás realizar a parte B2 da proba.
Que características ten que ter o informe?	Extensión máxima de 10 folios incluídos anexos, formato DIN A-4, a unha soa cara, dobre espazo interlineal, Arial sen comprimir, tamaño 12.
Debo asistir ao acto de presentación obrigatoriamente?	Si, as/os que non se presenten serán excluídas/os do procedemento e non se admitirán acreditacións nin poderes de representación.

FASE DE OPOSICIÓN

PARTE A

MESTRAS/ES: Desenvolvemento por escrito de 1 tema elixido ao chou entre 3.

PROFESORAS/ES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO: Desenvolvemento por escrito de 1 tema elixido ao chou entre 5

Valoración ata 4 puntos

Tempo: dúas horas

PARTE B

Consistirá na presentación dunha programación didáctica e na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica

B1: Presentación dunha programación didáctica

Deberá conter, mínimo, 15 unidades didácticas enumeradas cunha extensión máxima de 60 folios, sen incluír anexos, formato DIN-A4, por unha soa cara e dobre espazo interlineal, letra tipo Arial, sen comprimir, tamaño de 12 pts. Non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice.

Valoración: ata 3 puntos. Tempo: 20 minutos máximo de defensa.

Cando entregarei a Programación didáctica?	Todas as persoas presentarán a Programación didáctica no acto de presentación. O tribunal entregará á persoa aspirante unha acreditación da presentación da programación.
--	---

Serei excluído se a programación non se axeita á forma requirida? Si

B2: Preparación, exposición e defensa dunha unidade didáctica.

De ter optado pola presentación do informe (interinas/os e substitutas/os con 180 días traballados neste curso).
Elaboración e exposición de 1 U.D. extraída ao chou de entre 3 U.D. da túa programación. Contarás cunha hora para a preparación, podendo usar o material que consideres oportuno. A exposición será de 30 minutos máximo, podendo usar un guión que non excederá máximo dun folio e que entregarás o tribunal ao finalizar.
Valoración: ata 3 puntos.

➤ Os tribunais publicarán diariamente a cualificación acadada polo persoal aspirante.

➤ Cada unha das partes e probas valórase de 0 a 10. Hai que aprobar a fase de oposición (5) para pasar á fase de concurso. O valor final da fase de oposición será do 60% sobre o total da nota final do concurso-oposición.

➤ Contra a puntuación provisional da fase de concurso, poderase presentar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación, dirixida ao director xeral de Centros e Recursos Humanos.

➤ Contra a resolución definitiva da fase de concurso poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

➤ Contra as listas das persoas que superaron o proceso selectivo poderase interpoñer recurso de alzada ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos.

➤ As persoas que figuren na listaxe de aprobados publicada no DOG terán 20 días naturais para presentar a seguinte documentación, especificada na Base Común 12ª: Fotocopia compulsada do título esixido, Certificado médico e Declaración responsable, segundo as condicións fixadas na citada orde.

➤ Así mesmo terán 5 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación de ditas listaxes pola comisión de selección, para facer a petición de destino provisional para o curso 2011/2012.